

Criterios de cualificación de física e química

Física e química de 2º ESO

- OBTENCION DE CUALIFICACION

A nota final de curso será a media da nota das tres avaliacións considerando o curso aprobado se se obtén unha nota media final igual ou superior ao 5.

A cualificación global dunha avaliación obterase a partires de:

Probas escritas (90%),

Traballos e participación activa nas clases (10%)

En caso de avaliacións suspensas, gardarase a nota das avaliacións aprobadas e farase a media coa nota acadada no exame final da avaliación pendente.

- CUALIFICACION DAS PROBAS ESCRITAS

En cada proba escrita valorarase o desenvolvemento ou xustificación teórica, os cálculos numéricos e as unidades de medida axeitadas. Un problema sen a formulación teórica axeitada cualificará cero. Un erro nos cálculos numéricos sanciónase cun 30% do valor do exercicio e un erro nas unidades cun 20% do valor do exercicio.

- DISTRIBUCION DOS EXAMES AO LONGO DO CURSO

Realizaranse como mínimo unha proba escrita por avaliación e considerarase aprobada a avaliación cando a nota media sexa superior ou igual a 5.

- RECUPERACIÓN

Cada avaliación terá a súa correspondente recuperación mediante unha proba escrita.

Haberá un exame final para aquel alumnado que teña algunha avaliación pendente.

- RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias correspondentes. Con este propósito garantíranse as seguintes accións.

-Todo o alumnado que teña pendente a Física e Química de 3º estará matriculado nun curso específico na aula virtual.

-O alumnado recibirá unha serie de tarefas, actividades e exercicios propostos polo profesor ou profesora responsable da materia, baixo a dirección do departamento, que estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

- O seguimento do progreso ao longo do curso farase de forma presencial e a través da aula virtual.

- O alumnado será avaliado dos CA correspondentes á materia mediante tres probas escritas, o que non impide que se poidan utilizar outros instrumentos de avaliación sempre que non interfiran coa marcha do curso no resto das materias e que se poidan ofertar a todo o alumnado coa Física e Química de 2º de ESO pendente.
- Para tal fin, antes de que finalice o mes de setembro, o profesorado que imparta Física e Química de 3º de ESO planificará unha reunión co alumnado que teña a dita materia sen superar, na que se lle entregará un documento informativo, aprobado polo departamento, que deberá conter:
 - Os criterios de avaliación, cos seus mínimos, e os procedementos e instrumentos de avaliación a aplicar.
 - A descrición do curso de pendentes na aula virtual.
 - Tarefas a realizar e as súas datas de corrección. Estas tarefas deben facilitar o proceso de recuperación. Consistirán na realización de actividades similares ás que serán obxecto de avaliación nas probas escritas. Constarán de dous bloques, cada un correspondente a unha proba escrita. Serán corrixiadas pola profesora ou profesor responsable da materia pendente nunha xuntanza presencial co alumnado, que terá lugar na semana lectiva anterior á correspondente proba escrita. Ademais, ao longo do curso proporanse as actividades que se considere necesario, a través da aula virtual.
 - Datas das probas escritas, especificando os CA obxecto de avaliación nelas. Realizaranse tres probas, en datas que non interfiran coas correspondentes ás materias do curso. Unha proposta de partida podería ser (en calquera caso este calendario é fixado por Xefatura de Estudos):
 - Primeira proba na primeira semana de novembro.
 - Segunda proba na segunda semana de febreiro.
 - Terceira proba na primeira semana de maio.
- Na terceira proba contemplarase a posibilidade de recuperar os CA non superados en probas anteriores.
- O/A xefe/a de departamento enviará un comunicado ás familias, indicando a documentación que se lle entregou ao seu fillo/a. De non recibir resposta firmada da mesma, enviarase esa documentación á familia por correo certificado.
- Ao longo do trimestre, o profesorado responsable do seguimento deberá comunicar á familia a situación do alumno/a, ou ben nas reunións que a familia teña co titor ou titora.
- En cada un dos trimestres, xunto cos boletíns de cualificacións comunicaráselle ás familias como é a evolución do seu fillo/a na recuperación da materia pendente.

Física e química de 3º ESO

A cualificación global dunha avaliación obterase a partires de:

- **PROBAS ESCRITAS** (test, exames, cuestións,...) : **90%**. Relacionados cos criterios avaliados mediante proba escrita.
- **ACTIVIDADES VARIAS e PARTICIPACIÓN ACTIVA NAS CLASES**: neste apartado poderanse incluír traballos de investigación, revisión do caderno de clase, correcta realización de exercicios na aula, formulación de preguntas axeitadas... : **10%**. Relacionados cos criterios avaliados mediante táboa de indicadores.

Cabe destacar en relación ás probas escritas os seguintes aspectos:

- Serán fixadas coa antelación suficiente.
- A puntuación correspondente a cada pregunta irá exposta ao lado do seu enunciado.
- Cada proba será puntuada de 0 a 10.
- Despois de ser corrixidas, serán mostradas ao alumnado para comentalas e revisalas, se fose o caso, e posteriormente devoltas ao profesor. En ningún caso se poderá facer fotos ao exame.
- Cada alumna ou alumno poderá utilizar calculadora, agás aquelas que teñan posibilidade de adquisición de texto en calquera das súas modalidades, sen posibilidade de prestarlla a unha compañeira ou compañeiro durante a realización da proba.
- Utilizarase bolígrafo azul ou negro, sen posibilidade de usar lapis.
- As probas poderán constar de cuestións teóricas, cuestións relativas ás prácticas de laboratorio/actividades e resolución de problemas.

Nas probas valorarase que:

- As respostas ás cuestións teóricas e aos problemas estean razoadas e xustificadas a partires de expresións e conceptos básicos, principios, leis,..
- Os razoamentos e xustificacións sexan ordenados, claros e utilizarase de xeito adecuado a linguaxe científica, poñendo de manifesto unha aprendizaxe comprensiva e non rutineira nen memorística.
- Se faga un uso correcto das unidades.

Nas probas penalizarase:

- A ausencia ou mala utilización da unidade correspondente cun 20% do exercicio
- As faltas de ortografía.

Cando unha alumna ou alumno non poda realizar unha proba, é condición indispensable que o xustifique con antelación ante Xefatura de Estudos, ou mediante xustificante médico, para a súa realización noutra data.

No caso de fraude comprobada nunha proba (copiar dunha compañeira ou compañeiro, empregar apuntamentos,...), a cualificación do exame será de 0, e a profesora ou profesor resérvase a posibilidade de emprender as accións disciplinarias que estime oportunas.

Distribución de exames ao longo do curso:

- En cada avaliación haberá, como mínimo, dúas probas escritas, das cales a última corresponderá a todo o período, nunha relación 40:60.
- A parte de cambios de unidades e notación científica estará presente en todas as probas.
- A cualificación conxunta de cada avaliación irá de 1 ata 10 puntos, sendo a nota mínima para aprobar de 5 puntos.

Cualificación final:

- A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións. Para aprobar a materia a nota mínima obtida mediante este mecanismo deberá ser de 5 puntos.

Recuperación

- De cada avaliación:

De cada avaliación suspensa haberá unha proba escrita de recuperación de todo o período. Deberá presentarse a esta recuperación todo o alumnado que teña a avaliación suspensa. A nota final da avaliación será a media ponderada da nota da proba escrita de recuperación e a nota da avaliación, a razón 2:1 ou 1:2 (a máis favorable para a alumna ou alumno). Unha nota mínima de 5 na proba escrita de recuperación suporá que a avaliación estea aprobada.

- Da cualificación final:

Haberá unha proba escrita de recuperación de cada avaliación suspensa para todo o alumnado que non acade a nota mínima de 5 puntos mediante a media aritmética das tres avaliacións. Para obter a cualificación final realizarase a ponderación da nota desta proba escrita de recuperación de cada avaliación suspensa e a nota final da avaliación a razón 2:1 ou 1:2 (a máis favorable para a alumna ou alumno) tendo en conta que unha nota mínima de 5 na proba escrita de recuperación suporá que a avaliación estea aprobada. Unha vez feito isto, calcularase a cualificación final da materia mediante media aritmética das tres avaliacións. Para aprobar a materia a nota mínima obtida mediante este mecanismo deberá ser de 5 puntos.

Recuperación de física e química de 3º de ESO pendente.

Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias correspondentes. Con este propósito garantíranse as seguintes accións.

1.-Todo o alumnado que teña pendente a Física e Química de 3º estará matriculado nun curso específico na aula virtual.

2.-O alumnado recibirá unha serie de tarefas, actividades e exercicios propostos polo profesor ou profesora responsable da materia, baixo a dirección do departamento, que estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

3.-O seguimento do progreso ao longo do curso farase de forma presencial e a través da aula virtual.

4.-O alumnado será avaliado dos CA correspondentes á materia mediante tres probas escritas, o que non impide que se poidan utilizar outros instrumentos de avaliación sempre que non interfiran coa marcha do curso no resto das materias e que se poidan ofertar a todo o alumnado coa Física e Química de 3º de ESO pendente.

Para tal fin, antes de que finalice o mes de setembro, o profesorado que imparta Física e Química de 4º de ESO planificará unha reunión co alumnado que teña a dita materia sen superar, na que se lle entregará un documento informativo, aprobado polo departamento, que deberá conter:

1.-Os criterios de avaliación, cos seus mínimos, e os procedementos e instrumentos de avaliación a aplicar.

2.-A descrición do curso de pendentes na aula virtual.

3.-Tarefas a realizar e as súas datas de corrección. Estas tarefas deben facilitar o proceso de recuperación. Consistirán na realización de actividades similares ás que serán obxecto de avaliación nas probas escritas. Constarán de dous bloques, cada un correspondente a unha proba escrita. Serán corrixidas pola profesora ou profesor responsable da materia pendente nunha xuntanza presencial co alumnado, que terá lugar na semana lectiva anterior á correspondente proba escrita. Ademais, ao longo do curso proporanse as actividades que se considere necesario, a través da aula virtual.

4.-Datas das probas escritas, especificando os CA obxecto de avaliación nelas. Realizaranse tres probas, en datas que non interfiran coas correspondentes ás materias do curso. Unha proposta de partida podería ser (en calquera caso este calendario é fixado por Xefatura de Estudos):

-Primeira proba na primeira semana de novembro.

-Segunda proba na segunda semana de febreiro.

-Terceira proba na primeira semana de maio.

Na terceira proba contemplarase a posibilidade de recuperar os CA non superados en probas anteriores.

O/A xefe/a de departamento enviará un comunicado ás familias, indicando a documentación que se lle entregou ao seu fillo/a. De non recibir resposta firmada da mesma, enviarase esa documentación á familia por correo certificado.

Ao longo do trimestre, o profesorado responsable do seguimento deberá comunicar á familia a situación do alumno/a, ou ben nas reunións que a familia teña co titor ou titora.

En cada un dos trimestres, xunto cos boletíns de cualificacións comunicaráselle ás familias como é a evolución do seu fillo/a na recuperación da materia pendente.

Os criterios de cualificación son os mesmos que se aplican no curso ordinario. A cualificación será a media das dúas probas escritas. Para aprobar a materia a nota mínima é de 5 puntos.

Física e química de 4º ESO

- **Obtención da cualificación.**

A cualificación global dunha avaliación obterase a partires de :

- PROBAS ESCRITAS (test, exames, cuestións, ...) : **80%**
- ACTIVIDADES VARIAS: pódese incluír neste apartado informes das prácticas de laboratorio, traballos de investigación, exercicios... : **10%**
- PARTICIPACIÓN ACTIVA NAS CLASES: formulación de preguntas, interese na materia, traballo diario, correcta realización das prácticas, etc.: **10%**

- **En relación ás probas escritas.**

- A puntuación correspondente a cada pregunta irá exposta ao lado do seu enunciado.
- Cada alumno poderá utilizar calculadora, agás aquelas que teñan posibilidade de adquisición de texto ou sexan programables.
- As probas poderán constar de cuestións teóricas, cuestións relativas ás actividades, prácticas de laboratorio e resolución de problemas.
- Nas probas valorarase que:
 1. As respostas ás cuestións teóricas e aos problemas estean razoadas e xustificadas a partires de expresións e conceptos básicos, principios, leis,..
 2. Os razoamentos e xustificacións sexan ordenados, claros e utilizarase de xeito axeitado a linguaxe científica, poñendo de manifesto unha aprendizaxe comprensiva e non rutineira nen memorística.
 3. Se faga un uso correcto das unidades e cifras significativas.
- Nas probas calificarase por cada pregunta:
 - Fundamento teórico/razoamento: 20%
 - Plantexamento: 30%

- Resolución: 50%

No caso de ter mal as unidades descontarase un 20% a cualificación total.

Un erro de cálculo supón un desconto dun 15% da cualificación total.

- Compre engadir que para poder cualificar cun 5 as cuestións de **formulación ou nomeamento** de compostos químicos é necesario ter un mínimo de compostos do **70% ben** formulados ou nomeados.
- Cando un alumno non poda realizar unha proba, é condición indispensable que o xustifique mediante xustificante médico, para a súa realización noutra data.
- No caso de fraude comprobada nunha proba (copiar dun compañeiro, empregar apuntamentos, ...), a cualificación do exame será 0, e o profesor resérvase a posibilidade de emprender as accións disciplinarias que estime oportunas.

- **En relación ós informes de laboratorio**

- Material: debuxo e identificación: 20%.
- Cálculos: 30%.
- Contestación correcta das cuestións: 40%.
- Desenvolvemento da práctica: 10%

- **Distribución de exames ao longo do curso e cualificación final.**

- En cada avaliación haberá como mínimo unha proba escrita, no caso de haber dúas a **primeira nota ponderará un 40% e a segunda un 60%** sendo global da avaliación.
- De cada avaliación suspensa haberá unha proba escrita de recuperación de todo o período. Deberán presentarse a esta recuperación aqueles alumnos que teñan a avaliación suspensa, tendo en conta que a nota final será a media ponderada da nota do exame de recuperación e a nota da avaliación, a razón 2:1. Unha nota de 5 no exame de recuperación suporá que a avaliación estea aprobada.

- **Cualificación final:**

-A nota da avaliación final será a nota promedio das tres avaliacións, sempre que todas as avaliacións teñan unha nota mínima de 4. Para aprobar a materia a nota mínima é de 5 puntos.

-Para os alumnos que non acaden un 5 na avaliación final, haberá un exame global de recuperación

Física e química de 1º de bacharelato diurno

Obtención da cualificación.

A cualificación global dunha avaliación obterase a partires de :

- PROBAS ESCRITAS (test, exames, cuestións, ...) : **90%**
- TRABALLOS E PARTICIPACIÓN ACTIVA NAS CLASES: formulación de preguntas, resolución de problemas, correcta realización das prácticas, etc.: **10%**

En relación ás probas escritas.

- Serán fixadas coa antelación suficiente.
- A puntuación correspondente a cada pregunta irá exposta ao lado do seu enunciado.
- Cada proba será puntuada de 0 a 10.
- Despois de ser corrixidas, serán mostradas ao alumnado para comentalas e revisalas, se fose o caso, e posteriormente devoltas ao profesor.
- Cada alumno poderá utilizar calculadora, agás aquelas que teñan posibilidade de adquisición de texto en calquera das súas modalidades, **sen posibilidade** de prestarlla a un compañeiro durante a realización da proba.
- Utilizarase bolígrafo azul ou negro, **sen posibilidade** de usar lapis.
- As probas poderán constar de cuestións teóricas, cuestións relativas ás prácticas de laboratorio/actividades e resolución de problemas.
- Nas probas valorarase que:
 1. As respostas ás cuestións teóricas e aos problemas estean razoadas e xustificadas a partires de expresións e conceptos básicos, principios, leis,..
 2. Os razonamentos e xustificacións sexan ordenados, claros e utilizarase de xeito adecuado a linguaxe científica, poñendo de manifesto unha aprendizaxe comprensiva e non rutineira nen memorística.
 3. Se faga un uso correcto das unidades e cifras significativas.
- Nas probas penalizarase:
 1. A ausencia ou mala utilización da unidade correspondente.
 2. As faltas de ortografía.

- Cando un alumno non poda realizar unha proba, é condición indispensable que o xustifique con antelación, ou mediante xustificante médico, para a súa realización noutra data.
- No caso de fraude comprobada nunha proba (copiar dun compañeiro, empregar apuntamentos, ...), a cualificación do exame será 0, e o profesor resérvase a posibilidade de emprender as accións disciplinarias que estime oportunas.

Distribución de exames ao longo do curso e cualificación final.

- A materia consta de dous bloques: Química e Física. Ao final de cada bloque haberá un exame global.
- Realizaranse tres exames en cada bloque que ponderarán en relación 1:2:3.
- As notas das diferentes avaliacións son meramente informativas e calcularanse da seguinte forma:

1ª avaliación: haberá dúas probas escritas, das cales a última corresponderá a todo o período, **en relación 1:2**. Ademais realizarase un **exame de formulación** (35 compostos ben nomeados/formulados de 50).

2ª avaliación: haberá unha **global da parte de Química** e unha proba escrita da parte de Física, **con relación 2:1**.

3ª avaliación: haberá dúas probas escritas, das cales a última corresponderá ao **global de Física, en relación 1:2**.

- A cualificación de cada avaliación (segundo o punto anterior) irá de 0 ata 10 puntos, sendo a **nota para aprobar de 5 puntos**.

A nota da avaliación final será a nota promedio dos dous bloques. Para aprobar a materia a nota mínima é de 5 puntos. No caso de non aprobar o alumno irá á proba extraordinaria co bloque/s suspenso/s.

Recuperación

- **Proba escrita ao finaliza cada bloque:**

Haberá **unha proba escrita de recuperación por bloque suspenso**. Deberán presentarse a esta recuperación aqueles alumnos que teñan o bloque suspenso e todos aqueles que desexen subir nota, tendo en conta que a nota final será a media ponderada da nota do exame de recuperación e a nota do bloque, en relación 60%:40% ou 40%:60% (tomarase a que sexa máis favorable ao alumno). Unha nota de 5 no exame de recuperación suporá que o bloque está aprobado.

- **Proba extraordinaria:**

Esta proba, con estrutura semellante ás que se fagan durante o curso, estará elaborada sobre os criterios de avaliación básicos da programación, é dicir, sobre todo o explicado durante o curso. O alumnado suspenso presentarse aos dous bloques ou a un se é que ten un dos bloques aprobados. A cualificación irá de 0 a 10 puntos e NP, sendo a nota mínima para aprobar de 5 puntos.

Recuperación de física e química de 1º de bacharelato pendente.

Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias correspondentes. Con este propósito garantíranse as seguintes accións.

1.-Todo o alumnado que teña pendente a Física e Química de 1º de bacharelato estará matriculado nun curso específico na aula virtual.

2.-O alumnado recibirá unha serie de tarefas, actividades e exercicios propostos polo profesor ou profesora responsable da materia, baixo a dirección do departamento, que estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

3.-O seguimento do progreso ao longo do curso farase de forma presencial e a través da aula virtual.

4.-O alumnado será avaliado dos CA correspondentes á materia mediante tres probas escritas, o que non impide que se poidan utilizar outros instrumentos de avaliación sempre que non interfiran coa marcha do curso no resto das materias e que se poidan ofertar a todo o alumnado coa Física e Química de 1º de bacharelato pendente.

Para tal fin, antes de que finalice o mes de setembro, o profesorado que imparta Física e Química de 1º de bacharelato planificará unha reunión co alumnado que teña a dita materia sen superar, na que se lle entregará un documento informativo, aprobado polo departamento, que deberá conter:

1.-Os criterios de avaliación, cos seus mínimos, e os procedementos e instrumentos de avaliación a aplicar. 2.-A descrición do curso de pendentes na aula virtual.

3.-Tarefas a realizar e as súas datas de corrección. Estas tarefas deben facilitar o proceso de recuperación. Consistirán na realización de actividades similares ás que serán obxecto de avaliación nas probas escritas. Constarán de dous bloques, cada un correspondente a unha proba escrita. Serán corrixiadas pola profesora ou profesor responsable da materia pendente nunha xuntanza presencial co alumnado, que terá lugar na semana lectiva anterior á correspondente proba escrita. Ademais, ao longo do curso proporáanse as actividades que se considere necesario, a través da aula virtual.

4.-Datas das probas escritas, especificando os CA obxecto de avaliación nelas. Realizaranse tres probas, en datas que non interfiran coas correspondentes ás materias

do curso. Unha proposta de partida podería ser (en calquera caso este calendario é fixado por Xefatura de Estudos):

-Primeira proba na primeira semana de novembro.

-Segunda proba na segunda semana de febreiro.

-Terceira proba na primeira semana de maio.

Na terceira proba contemplarase a posibilidade de recuperar os CA non superados en probas anteriores.

O/A xefe/a de departamento enviará un comunicado ás familias, indicando a documentación que se lle entregou ao seu fillo/a. De non recibir resposta firmada da mesma, enviarase esa documentación á familia por correo certificado. Ao longo do trimestre, o profesorado responsable do seguimento deberá comunicar á familia a situación do alumno/a, ou ben nas reunións que a familia teña co titor ou titora.

En cada un dos trimestres, xunto cos boletíns de cualificacións comunicaráselle ás familias como é a evolución do seu fillo/a na recuperación da materia pendente.

Os criterios de cualificación son os mesmos que se aplican no curso ordinario. A cualificación será a media das dúas probas escritas. Para aprobar a materia a nota mínima é de 5 puntos.

No período comprendido entre a data da sesión de avaliación final ordinaria e o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os CA non superados.

Física 2º bacharelato diurno

- OBTENCION DE CUALIFICACION

A cualificación global dunha avaliación obterase a partires de:

Probas escritas (90%),

Traballos e participación activa nas clases (10%)

- DISTRIBUCION DOS EXAMES AO LONGO DO CURSO E CUALIFICACION FINAL

Realizarase un exame por avaliación e a correspondente recuperación. Coa mellor das dúas notas acadadas farase a media final. Aqueles alumnos que obteñan unha nota media igual ou superior ao 4.5 terán o curso aprobado. Haberá asemade un exame final para aquel alumnado que teña algunha avaliación pendente. Gardarase a nota das avaliacións aprobadas e farase a media coa nota acadada no exame final da avaliación pendente.

Química 2º bacharelato diurno

- OBTENCION DE CUALIFICACION

A nota final de curso será a media da nota das tres avaliacións considerando o curso aprobado se se obtén unha nota media final igual ou superior ao 4.5.

A cualificación global dunha avaliación obterase a partires de:

Probas escritas (80%),

Prácticas de laboratorio (10%)

Traballos e participación activa nas clases (10%)

En caso de avaliacións suspensas, gardarase a nota das avaliacións aprobadas e farase a media coa nota acadada no exame final da avaliación pendente.

- CUALIFICACION DAS PROBAS ESCRITAS

En cada proba escrita valorarase o desenvolvemento ou xustificación teórica, os cálculos numéricos e as unidades de medida axeitadas. Un problema sen a formulación teórica axeitada cualificará cero. Un erro nos cálculos numéricos sanciónase cun 30% do valor do exercicio e un erro nas unidades cun 20% do valor do exercicio. As cuestión que non se xustifiquen axeitadamente non se valorarán ou acadarán unha nota de 0 puntos.

- CUALIFICACION DOS INFORMES DE LABORATORIO

- Material: debuxo e identificación: 20%.
- Cálculos: 30%.
- Contestación correcta das cuestión: 40%.
- Desenvolvemento da práctica: 10%

- DISTRIBUCION DOS EXAMES AO LONGO DO CURSO E CUALIFICACION FINAL

Realizaranse dúas probas escritas por avaliación, a cualificación será ponderada onde a primeira proba valerá un 40% mentras que a segunda un 60%. Considerarase aprobada a avaliación cando a nota sexa superior ou igual a 5.

Cada avaliación terá a súa correspondente recuperación mediante unha proba escrita.

Haberá un exame final para aquel alumnado que teña algunha avaliación pendente.

Física e química de 1º de bacharelato adultos

- OBTENCION DE CUALIFICACION

A cualificación global dunha avaliación obterase a partires de:

Probas escritas (90%),

Traballos e participación activa nas clases (10%)

- DISTRIBUCION DOS EXAMES AO LONGO DO CURSO E CUALIFICACION FINAL

Realizarase un exame por avaliación e a correspondente recuperación. Coa mellor das dúas notas acadadas farase a media final. Aqueles alumnos que obteñan unha nota media igual ou superior ao 4.5 terán o curso aprobado.

Haberá asemade un exame final para aquel alumnado que teña algunha avaliación pendente. Gardarase a nota das avaliacións aprobadas e farase a media coa nota acadada no exame final da avaliación pendente.

Física 2º bacharelato adultos

- OBTENCION DE CUALIFICACION

A cualificación global dunha avaliación obterase a partires de:

Probas escritas (90%),

Traballos e participación activa nas clases (10%)

- DISTRIBUCION DOS EXAMES AO LONGO DO CURSO E CUALIFICACION FINAL

Realizarase un exame por avaliación e a correspondente recuperación. Coa mellor das dúas notas acadadas farase a media final. Aqueles alumnos que obteñan unha nota media igual ou superior ao 4.5 terán o curso aprobado. Haberá asemade un exame final para aquel alumnado que teña algunha avaliación pendente. Gardarase a nota das avaliacións aprobadas e farase a media coa nota acadada no exame final da avaliación pendente.

Química 2º bacharelato adultos

- OBTENCION DE CUALIFICACION

A cualificación global dunha avaliación obterase a partires de:

Probas escritas (90%),

Traballos e participación activa nas clases (10%)

- DISTRIBUCION DOS EXAMES AO LONGO DO CURSO E CUALIFICACION FINAL

Realizarase un exame por avaliación e a correspondente recuperación. Coa mellor das dúas notas acadadas farase a media final. Aqueles alumnos que obteñan unha nota media igual ou superior ao 4.5 terán o curso aprobado. Haberá asemade un exame final para aquel alumnado que teña algunha avaliación pendente. Gardarase a nota das avaliacións aprobadas e farase a media coa nota acadada no exame final da avaliación pendente.